

BASES DOS DESFILES DE CARROZAS DE NADAL

O Concello do Grove convoca os desfile de carrozas con motivo da celebración da tradicional Cabalgata de Reis consonte as seguintes

BASES

- 1.** Poderán participar nos desfiles de carrozas todas aquelas asociacións, entidades sen ánimo de lucro, así como os colectivos do municipio que o desexen, logo da súa inscrición.
- 2.** Cada grupo poderá participar unicamente cunha carroza.
- 3.** Será requisito imprescindible que as carrozas sexan realizadas polos propios participantes.
- 4.** A presentación das solicitudes realizarase no Rexistro do edificio administrativo municipal (rúa Alcalde Xacobe Barral, 3) **antes do 20 de decembro de 2018**. Esta inscrición será obrigatoria para todas as carrozas que queiran desfilar, por motivos de organización das cabalgatas.
- 5.** A estética e o medio de confección da carroza serán libres, dentro da temática do Nadal.
- 6.** Cada carroza contará cun medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. O vehículo que traslade a carroza será de total responsabilidade dos representantes da carroza e deberá ter todo tipo de permisos e seguros para circular. O Concello pode esixir a achega da documentación necesaria que acredite este extremo.
- 7.** As carrozas non conterán elementos cortantes ou saíntes nin realizarán emisións de obxectos ou cousas que puidesen poñer en perigo a saúde ou a seguridade das persoas.
- 8.** O Concello do Grove non se responsabilizará dos danos que puidese sufrir a carroza nin os materiais ou obxectos desta no transcurso normal das cabalgatas. Aquelas asociacións que ocupen as carrozas con menores de idade deberán garantir que estes irán, obrigatoriamente, acompañados de adultos que garantan a súa seguridade. O Concello non se fai responsable de calquera incidente que puidese producirse pola dita circunstancia.
- 9.** Outorgaráselle un premio de participación de 300 € a cada unha das carrozas participantes no desfile, sempre que se inscribisen previamente no tempo e na forma establecidos.
- 10.** No caso de que algunha das carrozas non cumpra cos requisitos mínimos esixidos nestas bases, a organización resérvase o dereito de anular a súa inscrición, ou propoñer a sanción que considere conveniente.
- 11.** O non previsto nestas bases quedará sometido ao criterio da organización das cabalgatas.
- 12.** A inscrición e a participación nas cabalgatas supón a aceptación das presentes bases.

O Grove, 14 de novembro de 2018